



# XOVES I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** e o **Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)** están organizando un ciclo de oito xornadas de presentación das oportunidades de financiamento que ofrece o programa **Horizon 2020**. Horizon 2020 é o programa da Unión Europea dirixido a financiar a I+D+I no periodo 2014-2020 e conta coa maior dotación orzamentaria até o momento, preto de 80.000 millóns de euros.

As xornadas, que comezarán o vindeiro 7 de maio e se estenderán até o outono, están **dirixidas a todos os axentes de innovación galegos, especialmente ás PEMEs**, co obxectivo de **explicar as principais claves para concorrer con éxito** a estes fondos e os **apoios cos que contan por parte da administración galega** para a elaboración das propostas. Cada xornada estará centrada nun sector ou ámbito temático, atendendo ao seguinte calendario:

- **Sociedades seguras.** 7 de maio de 2014. Santiago de Compostela (videoconferencia con Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo)
- **Transporte intelixente, ecolóxico e integrado.** 13 de maio de 2014. Ferrol (videoconferencia con A Coruña, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo)
- **Industria Naval** (Feira Navalía). 21 de maio de 2014. Vigo.
- **Intrumento PEME.** 3 de xuño de 2014. Santiago de Compostela (videoconferencia con A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo)
- **Seguridade Alimentaria.** Outono 2014. Santiago de Compostela (videoconferencia con A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo)
- **Envellecemento activo e saudable.** Outono 2014. Santiago de Compostela (videoconferencia con A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo)
- **Novo modelo de industria galega mediante tecnoloxías facilitadoras.** Outono 2014. Ferrol (videoconferencia con A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo)
- **Tecnoloxías da Información e da Comunicación.** Outono 2014. Vigo (videoconferencia con A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Ferrol)

O programa completo das xornadas, así como os formularios de inscrición, están dispoñibles no seguinte [enlace](#).

As xornadas terán un carácter eminentemente práctico, podendo manter os asistentes que o desexen unha **xuntanza bilateral** cun representante de CDTI ou da Axencia Galega de Innovación (GAIN).

Para participar **precísase inscrición** e, se estás interesado/a en manter unha reunión bilateral cun técnico de CDTI, para revisar as propostas de proxectos, ou de GAIN, sobre os instrumentos de apoio á participación galega en programas europeos de I+D+i, deberás cumprimentar ademais a ficha de información destinada a tal efecto e enviala ao correo electrónico [difusion.gain@xunta.es](mailto:difusion.gain@xunta.es)

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es) dende a conta na que desexe anular a suscripción.